



Deputación
DA CORUÑA

Nº 75
30/01/2018

Boletín de Medio Ambiente



Día Mundial da Educación Ambiental

O 26 de Xaneiro celébrase o Día Mundial da Educación Ambiental, que ten como principal obxectivo identificar a problemática ambiental tanto a nivel global; como a nivel local e crear conciencia nas persoas e moi especialmente nos gobernos canto á necesidade de participación por conservar e protexer o medio ambiente. A Educación Ambiental, como algo formal apareceu en 1972, por mor da Declaración de Estocolmo.

Noticias

70.000 manifestantes piden medidas contra o cambio climático en Bruxelas

Segundo cifras oficiais, unhas 70.000 persoas percorreron as rúas da capital belga o pasado domingo para pedir á clase política que cumpra cos compromisos do acordó de París e frear a deterioración do planeta.

A marcha de Bruxelas foi un claro exemplo de reunión intergeneracional. O carácter amable e pacífico das manifestacións e as alusións ao futuro do planeta han convertido estes actos en lugar de congregación de persoas de todas as ideades. Reclamaban aos líderes políticos máis contundencia ante as emisións contaminantes.

Fonte: El País

79 praias libres de fume en Galicia

A Rede galega de praias sen fume conta xa cun total de 79 areas de 45 concellos, o que supón o 16 % das praias censadas en Galicia. A rede foi creada en 2016 coa adhesión inicial de 19 localidades e desde a súa posta en marcha estendeuse a un total de 15 áreas fluviais.

Ademais, os concellos de Baiona, Corcubión e Rianxo contan coa acreditación de ouro, que é o máximo nivel ao que se pode optar, ao declarar todas as súas praias libres de fume.

O 71,6% dos usuarios das praias no pasado ano valorou esta iniciativa como boa ou moi boa.

Fonte: La Voz de Galicia

A Xunta presenta a primeira guía de viaxes relacionada coas súas árbores senlleiras

A Consellería de Medio Ambiente dará a coñecer Galicia a través dunha particular guía de viaxes centrada en difundir os valores naturais da comunidade a través das súas árbores máis singulares e relevantes.

O documento, que acaba de editar a Xunta e foi presentado na Feira Internacional de Turismo pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, inclúe unha antoloxía cos 50 exemplares e formacións arbóreas máis notables incluídos no catálogo galego de árbores singulares, un rexistro creado hai 12 anos pero en constante actualización.

A guía de viaxes das árbores e formacións singulares é a primeira destas características que se edita en Galicia e, como explicou a conselleira, o seu obxectivo é contribuír á divulgación e difusión da riqueza natural da comunidade tanto entre os propios galegos como entre os visitantes procedentes doutros puntos do país ou do estranxeiro.

Para logralo, o documento incorpora información detallada e actualizada sobre cada un dos exemplares, con fotografías e unha completa ficha técnica, así como roteiros específicos que combinan o interese científico coas posibilidades que ofrecen estes enclaves para gozar da natureza, e información de utilidade para o viaxeiro, con datos sobre a oferta cultural, turística e gastronómica de cada zona.

Por último, tamén inclúe unha pequena guía de boas prácticas e consellos para garantir unhas visitas sustentables sen renunciar á experiencia de poder coñecer de preto estas árbores.

Fonte: Xunta de Galicia

O abandono de cans baixa na comarca de Ferrol, mentres crece o de gatos

Unha de cal e outra de area. Iso é o que arrojan as estatísticas de abandono e adopción de animais. A cara positiva ten un claro perfil canino, xa que, durante o exercicio pasado, o Refuxio de Mougá recibiu a 276 cans (23 menos que en 2017), dos que 243 foron adoptados (52 máis que o ano anterior).

Estas cifras revelan que a taxa de abandono nesta zona situouse en 1,82 cans por cada mil habitantes, unha proporción que aínda sendo preocupante indica unha evolución positiva.

Con todo, mentres que no caso dos cans o abandono decrece e as adopcións aumentan no tocante aos michos ocorre o contrario. Si no 2014 o refuxio deu acubillo a 153 gatos, no 2018 esa cifra elevouse a 252, dos que só o 32% logrou atopar un fogar, un dato que contrasta co das adopcións de cans, que no 2018 elevouse ata un 88%.

Fonte: La Voz de Galicia

Sabías que...

cada ano producimos 50 millóns de toneladas de lixo electrónico?

O 80% deste lixo acaba en entulleiras ou no medio natural sen a xestión de reciclaxe adecuada. A mala xestión destes residuos electrónicos provoca cada ano unhas perdas valoradas en máis de 54.500 millóns de euros.

Boas Prácticas

Madrid abrirá un gran supermercado cooperativo

Consumo responsable, sustentable e de proximidade. Estes son os alicerces do novo supermercado cooperativo que quere abrir na cidade da man de 2decológico.

Pero como funcionará un supermercado cooperativo? Na súa pequena tenda de Noviciado xa teñen un modelo que será moi parecido ao que implantarán. Para poder facer a compra aquí, tes que ser asociado, pagar unha cota inicial de 10€ e unha anual de 50€, e ademais achegar tres horas ao semestre de colaboración nas tarefas da cooperativa. As vantaxes: produtos ecolóxicos e sustentables cultivados na Comunidade de Madrid, prezos máis baratos grazas ao modelo de cooperativa, contacto directo cos produtores, etc.

Fonte: Time Out

Ames xa produce compost utilizando restos orgánicos das cociñas escolares

O edil de Medio Ambiente de Ames, Javier García, e o de Educación, David Santomil, supervisaron onte a posta en marcha do viveiro de Barouta, que permitirá reciclar en compost os restos orgánicos das cociñas do colexio Agro do Muíño e a escola infantil de Milladoiro, proceso que se quere divulgar entre os alumnos locais. Así, e ademais de reutilizar os restos, evítase engadir máis volume á recollida de lixo.

Fonte: El Correo Gallego

Oslo: Capital Verde Europea 2019

O seu rápido propiciou proxectos de edificación que seguen principios de sustentabilidade. Por exemplo, o novo barrio de *Vulkan*, situado nunha antiga zona industrial xunto ao río *Akerselva*, constitúe un exemplo de planificación urbana grazas a unha central de enerxía local con pozos xeotérmicos, edificios con calefacción solar e hoteis que reciclan do sistema de refrixeración e os ascensores.

Tamén, cando se construíu a área de *Tjuvholmen*, xunto ao fiordo, instaláronse arrecifes artificiais submarinos con refuxios para peces e mariscos. En *Sørenga*, onde cruzaba unha ponte con moito tráfico, agora hai un parque de atraccións e unha zona ao aire libre.

Fonte: ABC

Axenda Ambiental

- Ata 31/01/2019 IV Premio de Redes Sociais "A Auga, un compromiso de tod@s"
- Ata 31/01/2019 Premios BikeFriendly
- 2/02/2019 Día Mundial dos Humedais
- 2/02/2019 – 3/02/2019 Congreso Nacional Scientix 2019. Madrid
- 9/02/2019 – 10/02/2019 Feira *SOSTeniblemente* 2019. Madrid

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal